



O caso dos “pijo-borrokas” ou a indecência do pseudo-jornalismo español

Setembro de 2009

Alexandre Rios Bergantinhos (Membro da Mesa Nacional de BRIGA)

Estes días almorçamos, jantamos e ceamos con as imáxens protagonizadas por uns centos de xovens da localidade madrileña de Pozuelo, que conseguíron pór contra as cordas a policía local e o amplo despregamento de policías de choque españois na noite do pasado Sábado.

A historia contava con todos os ingredientes para se converter en centro da cena mediática. Jovens, álcool, violencia, botellom, somada ao elemento cibernético, por isto de que @s protagonistas subíron á rede os vídeos gravados con os seus propios telemóveis dos confrontos con a policía. Os sissudos analistas, na realidade profesionais do morbo disfrazados de xornalistas, tiñan pasto abondo para encher horas de rádio e televisión e decenas de páxinas dos xornais.

O acontecido neste “exclusivo” concello madrileño, provocado máis por unha combinación de álcool e exagerado despregamento policial que por unha crise cultural da xuventude como afirman os histéricos contertúlios, serviu para traer de novo ás capas informativas o asunto do botellom e, máis unha vez, a utilidade da aprobación de medidas de carácter represivo para o atallar.

Na realidade, o botellom nunca chegou a desaparecer das prioridades dos que se autodenominan xornalistas, mas os acontecementos da pasada semana servíron de álibi perfecto para probar a ineficiencia de umhas normativas municipais que, como moitos denunciámos na altura, só utilizaba a preocupación pola saúde da mocidade como oportuna escusa para criminalizar e aprobar normativas de carácter represivo.

Na Galiza, a maioría dos concellos importantes, quer estejam gobernados por PP, quer polo PSOE ou o BNG, contan desde há tempo con normativas anti-botellom à española que, como podemos comprobar calquera fim de semana, son completamente inúteis na erradicación do seu tam cacarejado principal obxectivo: a ingesta excesiva de álcool entre a xuventude.

Porque, na realidade, para que servíron as normativas aprobadas na Galiza contra o botellom? Só, no mellor dos casos, para alargar a presenza policial en algunhas zonas vetadas à xuventude e para levantar unha útil cortina de fuma sobre, secundariamente, o debate sobre o consumo de drogas e, principalmente, a imposibilidade real de solucionar os problemas que @s xovens sofremos, que atrás do asunto do botellom aparecen distorcidos e protagonizados por unha xeración de hedonistas e violentos.